



MEMORIA 2023

NUNCA ESTARÁS SOLA
REDMADRE
asociación pontevedra

RESUMEN ACTIVIDADES 2023

CONTIDO

- 1 REDMADRE: UNHA REDE SOLIDARIA DE APOIO Á MULLER EMBARAZADA
- 2 PROGRAMAS NAIS E FILL@S-AGARIMO E ANXELA
- 3 PERFIL DAS USUARIAS ATENDIDAS NO 2023 NOS PROGRAMAS
- 4 OUTRAS ACTIVIDADES
- 5 ENTIDADES COLABORADORAS
- 6 MEMORIA ECONÓMICA

1 REDMADRE: UNHA REDE SOLIDARIA DE APOIO Á MULLER EMBARAZADA

REDMADRE Pontevedra é unha das 42 asociacións españolas que teñen firmado un convenio coa Fundación REDMADRE, para desenvolver programas de apoio a mulleres xestantes e nais recentes, no noso caso no ámbito territorial da provincia de Pontevedra. Con carácter xeral, a Fundación REDMADRE pretende crear unha rede nacional de apoio psicosocial integral as mulleres embarazadas en risco de exclusión social ou situacións de especial vulnerabilidade.

A Asociación REDMADRE Pontevedra

É unha asociación de iniciativa social sen ánimo de lucro, de ámbito provincial, aconfesional e apolítica, constituída en Vigo en Xaneiro do 2008. Está inscrita no Rexistro de Asociacións de Galicia co nº 2008/011236-1ª PO, no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co nº E-5127 e no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia co nº O-869. No 2010 foi declarada de **Utilidade Pública**.

1.1 Organigrama

A Asociación é xestionada e representada por unha Xunta Directiva formada por: unha Presidenta, Carmen Areses, unha Vicepresidenta, Itciar Arenas, unha Secretaria, Ana López, unha Tesoureira, Mar Novoa e tres vogais. Son designados e revogados pola Asemblea Xeral e o seu mandato ten unha duración de catro anos.

O equipo técnico da asociación no 2023 estivo formado por una traballadora social e unha psicóloga contratadas. A asociación tamén contou con 17 persoas voluntarias en total: profesionais, de acompañamento a nais, de xestión de enseres e recursos materiais e de apoio en eventos solidarios e labores administrativas.

Os recursos económicos da Asociación proceden das cotas das/os socia/os e as subvencións e doazóns que poida recibir no curso da súa actividade.

1.2 Obxecto social

A asociación REDMADRE Pontevedra ten coma obxectivo principal proporcionar apoio a mulleres embarazadas e nais recentes (con fillos de ata 3 anos) en risco de exclusión social ou calquera situación de vulnerabilidade: rechazo familiar, falla de recursos económicos, perda de emprego, migración, discapacidade de ela ou do seu fillo, vítima de maltrato y/ou de trata, etc., có fin de facer efectiva a igualdade de oportunidades e promovendo a súa autonomía.

Os **obxectivos específicos** de REDMADRE Pontevedra son:

1. Apoiar e asesorar ás mulleres na súa loita por superar as dificultades e conflitos xurdidos na súa maternidade (falla de apoio familiar, falla de

recursos, perda de emprego ou estudos, abandono, marxinación ...) con medios coma: información e orientación, mediación familiar, apoio psicolóxico e emocional, acompañamento antes e despois do parto, asesoramento legal, derivación a residencias e fogares de acollida, formación en adquisición de habilidades persoais e sociais, apoio na busca de emprego e nos trámites administrativos, axuda material de emerxencia, etc.

2. Sensibilizar e difundir ante a opinión pública a necesidade de apoiar ás mulleres embarazadas e ás nais, as cales ademais están dobremente penalizadas laboralmente, por ser mulleres e por seren nais. Promover a concesión de axudas públicas e privadas ás mulleres xestantes e lactantes.
3. Cubri-las necesidades básicas das mulleres e os seus fillos/as, até os 3 anos. O que inclúe o coidado da infancia máis desfavorecida.
4. Prestar especial atención ás mulleres migrantes, novas, vítimas da violencia ou da trata, con discapacidade ou que esperan fillas/os con algunha, que sofren abandono, etc. No caso das estudantes, procurar tódolos medios para compatibiliza-la maternidade co bo fin dos seus estudos.
5. Crear unha rede de voluntariado que atenda persoalmente ás nais.
6. Colaborar e coordinar o apoio ás nais coas entidades públicas e privadas que ofrecen recursos específicos (servizos sociais comunitarios dos Concellos e das áreas sanitarias, Bancos de Alimentos, Cruz Roja, Fogar Santa Isabel, Faraxa, Aldeas Infantiles,...).
7. Proporcionar apoio psicolóxico, e promover programas de educación afectivo sexual, conciliación e corresponsabilidade.

1.3 Beneficiarias/os dos servizos da Asociación

- a. Toda muller embarazada ou nai con fillos/as menores de 3 anos que precisen información, orientación ou apoio na súa maternidade, e até os 3 primeiros anos de vida da/o súa/seu filla/o. Residentes na provincia de Pontevedra ou en zonas limítrofes das outras tres provincias galegas, por acordos coas asociacións REDMADRE de A Coruña e Ourense.
- b. Os seus fillas/os, e indirectamente outros membros da unidade familiar.

1.4 Socios/as

A asociación conta con 69 socios, dos cales aproximadamente o 90% son mulleres.

1.5 Recursos materiais e humáns da Asociación

Recursos materiais:

- **Centro REDMADRE de Vigo** de 46 m², na rúa **Alexandre Bóveda 10, Baixo F**, de Vigo.
- **Centro REDMADRE de Pontevedra**, de 20 m², na rúa Benito Corbal 47, 3^o Oficina 2, de Pontevedra.
- Mobiliario e equipos informáticos con conexión a internet. RRSS e páxina web, en coordinación coa Fundación REDMADRE.

Recursos humáns no 2023:

- 1 traballadora social con contrato indefinido e 15 anos de antigüidade.
- 1 psicóloga con contrato indefinido e 14 anos de antigüidade.
- 6 persoas voluntarias profesionais (pediatra, avogados/as, matrona, psicóloga, etc.). Se ben á súa participación sempre é puntual e restrinxida ao seu ámbito de traballo.
- 12 persoas voluntarias: de acompañamento a xestantes; colaboradores na recollida, xestión e reparto de enseres e alimentos ás nais; de apoio administrativo; colaboradores nos eventos solidarios da asociación. O voluntariado é imprescindible para atender ó número de usuarias que solicitan o noso apoio. O seu grado de resposta e implicación é excelente.

En xaneiro do 2023 cumprimos **16 anos de actividade** dirixida á atención psicosocial de mulleres xestantes e lactantes en situacións de especial vulnerabilidade e que se materializou ate agora na atención **de 2.562 mulleres na provincia de Pontevedra, aos seus fillos/as e a outros membros das súas familias (en total, case 7000 persoas)**

EMBARAZADA?
Benvida ó **PROXECTO**
NAIS e FILL@S !

OBXECTIVO

Prestar atención integral a mulleres xestantes e lactantes en situacións de especial vulnerabilidade, ate acadar a autonomía e co fin de garantir a súa igualdade real de oportunidades.

ACTUACIÓNS

- Orientación e información sobre recursos singularizados de atención e asesoramento persoal e social. Apoio directo nas relacións con outras entidades que faciliten o proceso de integración social.
- Atención psicolóxica e apoio emocional.
- Asesoramento xurídico.
- Acompañamento e mediación familiar.
- Actividades para a adquisición de habilidades persoais e sociais básicas ou de competencias para a mellora da empregabilidade.
- Apoio, orientación laboral e acompañamento na busca de emprego, intermediación e titorización laboral.

asociación pontevedra
REDMADRE
NUNCA ESTARÁS SOLA

Con la colaboración de:

Fundación "la Caixa"

Unión Europea
Fondo Social Europeo
"El FSE invierte en tu futuro"

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

REDMADRE Pontevedra | ✉ pontevedra@redmadre.es | ☎ 659 772 373 |

2 PROGRAMAS NAIS E FILL@S/AGARIMO E ANXELA

2.1 Resumen

Desde o ano 2008 a asociación leva desenvolvendo o programa **Nais e Fill@s**. Este proxecto se dirixe a mulleres xestantes e nais recentes en risco de exclusión social ou situacións de especial vulnerabilidade, para proporcionar as medidas de apoio psicosocial que precisan, co obxectivo de que as mulleres acaden a autonomía persoal: información sobre recursos públicos e privados (derivación a centros de acollida, en caso de abandono); apoio profesional (legal, psicolóxico, de orientación laboral, procura de emprego, mediación familiar, formación, etc.).

No 2021 se creou o programa **AGARIMO**. Este é un sub-programa especializado de Nais e Fill@s que proporciona apoio as nais no coidado e atención dos fillos/as, especialmente os máis cativos, con accións como apoio emocional e acompañamento antes e despois do parto, formación no coidado do bebé e na saúde materno-infantil, mellora do vínculo nai-fillo, apoio na obtención de recursos e cobertura de necesidades básicas dos nenos/as.

En Nais e Fill@s/AGARIMO colaborou no 2023 a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e a Fundación La Caixa.

A partires de 2016, a asociación comezou a desenvolver o proxecto **ANXELA**, de axuda de emerxencia a familias en risco de exclusión, para cubrir as súas necesidades básicas de alimentación, hixiene, roupa e aveños de bebé. Neste proxecto colaborou no 2023 a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra. Tamén deron apoio material a Fundación REDMADRE, os Bancos de Alimentos de Vigo, Pontevedra e Rías Baixas, farmacias, parroquias, centros de educación (Cluny, las Acacias-Montecastelo e Kids Garden de Vigo), entre outros.

2.2 Resumo Accións do Proxecto Nais e Fill@s/AGARIMO

- a) Orientación e información sobre os recursos dispoñibles (públicos e privados) de apoio a maternidade, de acordo a súa situación e lugar de residencia, e seguimento.
- b) Programa AGARIMO. Atención bio-psico-social durante e tra-lo embarazo e lactancia. Inclúe acompañamento, apoio emocional, atención psicolóxica, e mediación familiar.
- c) Asesoramento legal, laboral e administrativo.
- d) Programa AGARIMO. Apoio ás nais xestantes e lactantes na formación en adquisición de habilidades sociais, no coidado do bebé, en saúde materno-infantil, etc.
- e) Apoio ás nais na formación e a (re)integración social e laboral.

2.3 Resumo Actividades do Programa ANXELA

a) Avaliación da situación inicial da familia, definición das necesidades materiais (enseres, alimentación, roupa, cueiros ou outros) e definición do fin do programa (acceso ó Proxecto Nais, colaboración con outra Asociación ou axuda temporal de emerxencia).

b) Elaboración dun programa temporizado de entregas de produtos ás familias.

c) Realización das entregas programadas, seguimento e medición da evolución da situación da usuaria con respecto ao medido inicialmente.

Nesta etapa colaboran tamén o voluntariado da

asociación: preparando os produtos a entregar a cada familia, procedendo a súa entrega, elaborando kits de recém nado, procedendo a recoller os produtos doados por os Bancos de Alimentos, empresas e particulares, especialmente, os aveños, etc.

d) Saída do Proxecto ou prórroga revisable, até 1 ano, salvo circunstancias especiais. Avaliación do Proxecto.

APOIO DE EMERXENCIA PARA EMBARAZADAS E NAIS RECENTES

NUNCA ESTARÁS SOA

PROXECTO

Anxela

XUNTA DE GALICIA

Deputación Pontevedra

asociación pontevedra
REDMADRE
 NUNCA ESTARÁS SOLA

659 772 373
 pontevedra@redmadre.es
 www.redmadre.es/galicia

2.4 Fases e Actividades do Programa Nais e Fill@s

Fase uno. Acollemento

As usuarias proceden dos sistemas de detección e acceso seguintes:

- Derivación de servizos sociais e/ou sanitarios comunitarios.
- Institucións de iniciativa social.
- Por contacto directo (telefónico e RRSS).
- Difusión a través de medios de comunicación.
- Información de outra beneficiaria ou voluntaria.

Neste primeiro contacto, a coordinadora recibe á nova usuaria no centro REDMADRE de Pontevedra ou de Vigo, onde cumprimenta a ficha social e pediráselle a documentación precisa, segundo o caso.

Fase dous. Reconstrución da demanda

Unha vez cumprimentada a ficha social, valórase a demanda explícita e implícita, para a posterior confección dun plan de traballo persoalizado e integral (PSP) có acordo da usuaria.

As usuarias clasifícanse en dous grados de atención: grado un, para as usuarias que precisan acompañamento a través do Programa AGARIMO, grado dous, para aquelas que non o precisan pero sí un seguimento mensual para supervisar que van cumprindo os obxectivos marcados.

Fase tres. Explicación da metodoloxía de traballo

Levarase a cabo mediante a exposición das condicións fundamentais e formas de traballo da asociación. Estas normas fundamentais son:

- En REDMADRE case todos somos voluntarios/as e os nosos recursos son limitados, polo que temos que ser coidadosos no seu uso, buscando una xestión eficiente dos mesmos: aveños, roupa, etc. O tempo é tamén un recurso escaso, polo que cumpre respetar-los horarios e datas de entrevista, avisando con antelación se non se pode asistir.
- No PSP o compromiso é polas dúas partes: a asociación comprométese cunhas accións de apoio, e a usuaria comprométese á asistencia as actividades de formación, procura de emprego, entrevistas, etc. que detalle o seu PSP.

Fase catro. Realización do plan de traballo

Da cordo coa documentación recibida e os resultados da entrevista, o técnico da asociación elaborará o proxecto persoal ou plan de traballo (PSP), de forma consensuada coa usuaria, que detallará as medidas e prazos de seguimento.

Fase cinco. Visita domiciliaria

O técnico da asociación realizará, sempre que sexa preciso, unha visita domiciliaria para comproba-la situación da usuaria e realizar un informe social.

Fase seis. Seguimento e supervisión

Técnico e usuaria establecen de común acordo as reunións de revisión de obxectivos, que quedan reflectidas no historial da usuaria.

Nos casos no que sexa considerado necesario, asignaráselles unha persoa voluntaria para o apoio emocional e puntual en actividades.

Fase sete. Fin da relación e desvinculación

Ao termino do PSP, cando se cumplan os obxectivos marcados, ou a/o filla/o cumpra 3 anos, terminará a relación entre as partes, a no ser que concorran circunstancias especiais. Un técnico da asociación fará unha entrevista de desvinculación, que aportará retro-alimentación para a mellora dos procedementos de traballo da asociación.



ACTUACIONES

- MEDIACIÓN FAMILIAR.**
- ATENCIÓN PSICOLÓGICA E APOIO EMOCIONAL.**
- ACOMPANÑAMENTO ANTES E DESPOIS DO PARTO.**
- COBERTURA DE NECESIDADES BÁSICAS (CUEIROS, AVEÑOS PARA BEBÉ...)**
- APOIO NA PROCURA DE EMPREGO E NA OBTENCIÓN DE RECURSOS MATERIAIS.**
- FORMACIÓN EN SAÚDE MATERNO-INFANTIL E COIDADADO DO FILLO/A.**

BENVIDA Ó PROXECTO

AGARIMO

é un proxecto de **REDMADRE PONTEVEDRA**.
Ten como obxectivo **APOIAR ÁS FAMILIAS NO COIDADADO E ATENCIÓN** dos fillos/as, especialmente os menores de **3 ANOS**.

asociación pontevedra
REDMADRE
NUNCA ESTARÁS SOLA

Con la colaboración de:

- Fundación "la Caixa"
- Unión Europea
Fondo Social Europeo
"El FSE invierte en tu futuro"
- XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

3 PERSOAS BENEFICIARIAS INTEGRADAS NO 2023 NOS PROGRAMAS NAIS E FILL@S/AGARIMO E ANXELA

Dende xaneiro e ate decembro do ano 2023, a Asociación REDMADRE Pontevedra proporcionou información a 304 mulleres xestantes ou nais recentes, das cales **221** se integraron nalgún dos programas da asociación. Tivo inscritas no Proxecto **Nais e Fill@s a 193 mulleres** e no Proxecto **ANXELA a 198 mulleres**. Ademais, atendéronse ben de forma directa ou indirecta a 379 nenos/as, e a outros membros da unidade familiar (171 persoas). E dicir, en total nestes programas atendéronse a **771 persoas** no 2023.

Nas estatísticas que se axuntan queda reflectida o perfil das mulleres atendidas neste ano: o **31% das mulleres eran xestantes cando nos contactaron e as demais nais recentes**. O 70% migrantes. O 29% menores de 25 anos. O **91% estaban sen emprego**. A maioría presentaba unha grave precariedade económica e un 10% non contaban con ningún tipo de apoio, nin familiar nin da parella. O 90% recibiu axuda de emerxencia no programa Anxela, un 27% recibiu apoio emocional/psicolóxico, o 19% solicitou mediación familiar, un 55 % participaron en actividades para adquisición de habilidades persoais e sociais, o 42% recibiu apoio e orientación laboral. **O 34% nos foron derivadas de outras institucións e entidades (servizos sociais, ONXs).**

Total de persoas integradas nos Programas: dende 1 de Xaneiro a 31 de Decembro de 2023

Mulleres:	221
Homes:	150
Nen@s:	379
Outros familiares:	21
TOTAL:	771 persoas

Mulleres integradas nos Programas	Mulleres	Porcentaxe
Programa Nais e Fill@s/AGARIMO	193	87%
Programa ANXELA:	198	90%

Mulleres

IDADE	<=25 anos	26-40 anos	>40 anos
	64	149	8
	29%	67%	4%

NACIONALIDADE	España	Europa	África	Asia	Latinoamérica
	67	7	15	3	129
%	30 %	3 %	7 %	2 %	58 %

FORMA DE CONTACTO	A través dunha Beneficiaria	Atendida anteriormente	Teléfono RRSS	Derivadas de outras entidades*
	116	15	16	74
%	52 %	7 %	7 %	34 %

Derivadas de outras entidades*: Servizos Sociais comunitarios de Vigo e Pontevedra; Hospital Álvaro Cunqueiro en Vigo e Hospital Provincial en Pontevedra; Cruz Vermella Vigo e Pontevedra, Cáritas, Fundación Juan Soñador, Asociación Faraxa, CIM, OAVD Xulgado de Pontevedra, Fogar Santa Isabel, Asociación ARELA; Fundación Meniños, Fundación Amigos de Galicia, Médicos del Mundo, ACCEM, Érguete, Banco de Alimentos de Pontevedra e Rías Baixas, Alborada, Fundación Juan XXIII.

XESTANTES	Embarazada sen fillos/as	Embarazada con fillos/as
	36	33
%	16 %	15 %

APOIOS:	Con apoio familiar	Sen apoio familiar	Con apoio da parella	Sen apoio da parella	Sen apoio da familia nin da parella
	121	100	155	66	21
%	55%	45 %	70 %	30 %	10 %

SITUACIÓN LABORAL	Desemplegada	Desemplegada longa duración	Inactiva, integrada nos sistemas de educación	Inactiva, non integradas sistemas educación	Con emprego, incluído por conta propia
	31	20	8	142	20
%	14 %	9 %	4 %	64 %	9 %

FORMACIÓN	Estudios de ensino primario ou secundario	Có 2º ciclo de ensino ou ensino postsecundario	Con ensino superior ou terciario
	118	69	34
%	53 %	31 %	16 %

ACTUACIONES	Información, orientación e asesoramento persoal e social	Actividades para adquisición de habilidades persoais e sociais	Apoio e orientación laboral
	221	122	92
%	100 %	55 %	42 %

ACTUACIONES	Axuda Material	Apoio emocional e/ou psicolóxico	Asesoramento legal	Mediación familiar
	198	60	4	43
%	90 %	27 %	2 %	19 %

AXUDA MATERIAL	Cueiros	Leite maternizada	Leite fresca (litros)	Alimentos infantís (cereais, potitos..)	Alimentos infantís (cacao e galletas)	Lotes Roupa nen@s	Aveños bebé (berce, cariño..)	Lotes hixiene/ Kits recién nado
	1.105 paquetes	718 botes	4.296	1.415 Kg	665 Kg	190	167	224/55



Persoas voluntarias do programa ANXELA. Gracias a todos, e especialmente a Lulú:
"Fai moi pouco nos déixache, pero seguirás no noso corazón"

4. OUTRAS ACTIVIDADES

A maioría, no marco dos programas da asociación.

- **Impartición de charlas e obradoiros formativos no marco do programa Nais e Fill@s.**

Así, os centros REDMADRE de Vigo e Pontevedra acolleron obradoiros impartidos por profesionais voluntarios: técnicas activas na procura de emprego (voluntariado de Amei), saúde materna (matrona), vínculo afectivo madre-hijo (psicóloga), saúde e coidado do bebé (pediatra), etc.



- Realización por parte da **escola infantil KidsGarden e os colexios –Cluny e Montecastelo de Vigo** de campañas de doazón de produtos para os nenos/as. A **Farmacia Giménez de Azcarate de Redondela** achegou á asociación produtos de hixiene infantís.



- Preparación e entrega por o voluntariado de **55 kits de recién nacido**.
- Reunións de coordinación con outras asociacións REDMADRE galegas.
- Reunións de coordinación con outras entidades locais colaboradoras

(AYUVI, etc).

- Actividades de difusión dos programas nas RRSS.

- Formación continua de los técnicos da asociación e voluntarios integrados no programa. Asistencia ao encontro formativo de asociacións REDMADRE en Madrid.

- Campañas de captacións de socios e doantes nas RRSS.

- A Fundación REDMADRE fixo unha campaña de achegas de mochilas con produtos infantís en todo o territorio nacional. Tamén de doazón de cueiros. Familias atendidas por REDMADRE Pontevedra se beneficiaron desas campañas.



- Alumnas de 2º de ESO do colexio As Acacias de Vigo nos fixeron entrega dun donativo, fruto dun almuerzo solidario organizado por elas.

- Participamos en una mesa redonda en Vigo con motivo del 8 de marzo, en el marco del encuentro “+Reales, mujeres de hoy en el día a día”, organizado por la asociación AMEI, en el que se nos entregó un obsequio como agradecimiento por la participación.



5. ENTIDADES COLABORADORAS

Co fin de cumprir os nosos obxectivos, a Asociación REDMADRE Pontevedra mantén relacións de colaboración continua coas institucións públicas, con Fundacións e entidades privadas, e conta co xeneroso apoio dos socios/as e doantes, particulares e empresas. Cada un deles colabora de xeito diverso coa nosa entidade facendo posible que xuntos, podamos levar adiante os nosos programas e labor social. O noso agradecemento a todas eles.

ENTIDADES PÚBLICAS, PRIVADAS E DE INICIATIVA SOCIAL

Durante o 2023, as entidades colaboradoras (con apoio financeiro ou de recursos materiais) foron:

- A Secretaría Xeral da Igualdade, a Consellería de Política Social (Subdirección Xeral de Prestacións e Programas de inclusión) e Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.
- O Fondo Social Europeo.
- A Deputación de Pontevedra.
- A Fundación La Caixa e a Obra Social de la Caixa.
- Coverwind Solutions e as Fundacións REDMADRE, Filomena Rivero Alonso e Casa Caridad.
- Centros educativos de Vigo: Cluny, Las Acacias-Montecastelo, escola infantil KidsGarden.
- Os Bancos de Alimentos de Vigo, Pontevedra e Rías Baixas.

Outras entidades de iniciativa social (colaboración, coordinación e derivacións mutuas de persoas beneficiarias) foron:

- AYUVI, Vigo.
- Cruz Bermellas de Vigo e Pontevedra.
- Cáritas, Fundaciones Juan Soñador e Juan XXIII.
- Fogar Santa Isabel, Vigo. AMEI Vigo.
- Faraxa, ARELA, Meniños, Érguete, Médicos del Mundo, ACCEM, entre outras.



Cofinanciado pola
Unión Europea



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E XUVENTUDE



Deputación
Pontevedra



Fundación "la Caixa"



6. MEMORIA ECONÓMICA

Cuenta de Pérdidas y Ganancias

Empresa: ASOCIACION RED MADRE PONTEVEDRA

Período: de Enero a Diciembre 2023

Fecha: 29/03/2024

Cuenta de Pérdidas y Ganancias		2023
1. Importe neto de la cifra de negocios		10,811.00
70000000 INGRESOS CUOTAS		7,811.00
70000003 LOTERIA NAVIDAD		3,000.00
5. Otros ingresos de explotación		47,702.08
74000006 CONVENIO/DONATIVO FUND LA CAIX		4,000.00
74000008 SUBV XUNTA GALICIA SI427A		26,600.45
74000010 SUBV DIPUTACIÓN DE PONTEVEDRA		5,421.63
74000014 DONATIVO FUND. FILOMENA RIVERO		1,000.00
74000015 SUBV XUNTA GALICIA BS631A 22/		10,680.00
6. Gastos de personal		-35,389.70
64000000 SUELDOS Y SALARIOS		-26,797.84
64200000 SEGURIDAD SOCIAL A CARGO DE LA		-8,591.86
7. Otros gastos de explotación		-24,877.54
62500000 PRIMAS DE SEGUROS		-762.62
62600000 SERVICIOS BANCARIOS Y SIMILARE		-424.16
62800000 SUMINISTROS		-259.65
62800004 AGUA		-329.88
62900000 OTROS SERVICIOS		-877.60
62900002 BANCO DE ALIMENTOS		-119.90
62900003 LOTERIA NAVIDAD		-2,520.00
62900007 GASTOS LOCOMOCION		-243.35
62900014 CP ALEXANDRE BOVEDA		-477.33
62900015 DESPLAZAMIENTOS		-67.47
62910000 GASTOS DE VIAJE		-66.55
62920000 TELEFONÍA R CABLE		-985.04
62930000 ASESORIA		-1,016.40
62970000 GTOS ALIMENT-HIGIEN-ROPA-ENSER		-16,375.54
62980000 MATERIAL OFICINA		-71.15
63100000 OTROS TRIBUTOS		-280.90
8. Amortización de inmovilizado		-89.91
68160000 DOT. AMORT. MOBILIARIO		-89.91
A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN		-1,844.07
C) RESULTADO ANTES DE IMPUESTOS		-1,844.07
D) RESULTADO DEL EJERCICIO		-1,844.07

O NOSO AGRADECIMENTO A TODAS AS PERSOAS E ENTIDADES PÚBLICAS E PRIVADAS QUE FAN POSIBLE A NOSA LABOR SOCIAL

En Vigo, a 31 de Marzo de 2024

Asdo.: Carmen Areses
Presidenta de REDMADRE Pontevedra

Comunicación

Datos de contacto

Tel. REDMADRE Pontevedra: 659 772 373 / 986 192 432

Correo-e: pontevedra@redmadre.es

Web: redmadre.es/galicia

Facebook/Instagram: FUNDACIÓN REDMADRE

Twitter: @RedMadreFunda